

CONSIDERACIÓNS

1.- Panorama xeral

1.- A área funcional de Pontevedra, aínda sendo a de menor superficie das 12 áreas funcionais nas que se divide Galicia –representa o 29,8% do territorio provincial e o 4,4% do galego–, é a cuarta en importancia en canto ó volume de poboación, por detrás de A Coruña, Vigo e Santiago, ó acolle-lo 36,5% da poboación da provincia e o 12,2% da galega. A súa densidade de poboación, 252,7 habitantes por km², é a segunda máis elevada do conxunto das áreas funcionais, só por detrás de Vigo (**cadro 1.1.**).

Tendo en conta ós principais indicadores económicos considerados no informe, a área funcional de Pontevedra ocupa o cuarto lugar en importancia respecto á capacidade

de consumo relativa, por detrás de A Coruña, Vigo e Santiago. Esta mesma posición é a que ocupa a área funcional de Pontevedra se se ten en conta o índice comercial, o índice de restauración e bares e o índice turístico, todos eles índices comparativos da importancia das diferentes actividades nos distintos municipios.

Sen embargo, se se considera o índice industrial, incluída a construción, a área funcional de Pontevedra ocupa o sétimo lugar dentro do conxunto das 12 áreas funcionais de Galicia. Neste indicador, Pontevedra acada un valor inferior ó que se observa nas áreas funcionais de A Coruña, Vigo, Ourense, Santiago, Ferrol e A Mariña.

Finalmente, o índice de actividade económica dentro da área funcional obxecto de análise é tamén máis reducido en compa-

ración co que presentan as áreas funcionais de A Coruña, Vigo, Santiago e Ourense (**cadro 1.3.**).

2.- Emprego

1.- A distribución da poboación ocupada na área funcional segundo a rama de actividade económica mostra como o principal sector en canto ó volume de emprego é o sector servicios (50,5% da poboación ocupada total, 1,4 puntos por debaixo da porcentaxe a nivel Galicia), seguido da industria (18,9%, 1,1 puntos por debaixo da porcentaxe galega), do sector primario (17,2%, medio punto por encima da porcentaxe galega) e da construción (13%, 1,6 puntos superior á porcentaxe total de Galicia).

Dentro do sector primario, é importante distingui-la importancia do subsector da pesca dentro da área funcional que queda reflectida no volume de poboación ocupada no mesmo, o 12,5% da poboación ocupada no conxunto da área funcional pertence ó subsector pesqueiro, e o 4,7% á agricultura. O diferencial das porcentaxes antes sinaladas é mais elevado en comarcas como O Morrazo. A importancia deste subsector queda tamén patente ó compara-las porcentaxes de ocupación coas existentes no conxunto de Galicia: o 16,6% da poboación ocupada total de Galicia, pertence ó sector primario, correspondendo ó subsector pesqueiro o 4%.

Por outra banda, a porcentaxe de traballadores asalariados totais dentro da área

funcional, con respecto ó total de poboación ocupada, é do 67,3%. Nembargantes, nas comarcas do Salnés e do Morrazo, as porcentaxes de emprego asalariado elévanse ó 69,2% e ó 81,6%, respectivamente. A taxa de temporalidade é do 42,3%, 6,6 puntos superior a taxa galega no ano 1996, o que podería estar relacionado coa importancia na comarca do Salnés do subsector do turismo e no caso do Morrazo tamén coa elevada porcentaxe de poboación ocupada no subsector pesqueiro.

2.- Tendo en conta o período 96-99, é destacable o feito de que, a diferenza do que ocorre a nivel provincial e galego, na área funcional de Pontevedra experimentouse un incremento de poboación de 540 persoas, o que supón unha taxa de incremento positiva do 0,16%, fronte ás taxas negativas tanto da provincia de Pontevedra, -0,69%, como de Galicia, -0,45%, no mesmo período.

O comportamento das catro comarcas da área funcional non é homoxéneo. Así, as comarcas de Pontevedra e Caldas presentan taxas de incremento da poboación negativas do 0,5% e do 1,05% respectivamente, cunha redución absoluta de poboación nestas comarcas de 569 e 375 persoas, respectivamente, no período 96-99.

O aumento da poboación da área funcional baséase nos incrementos que presentan as comarcas do Salnés, 630 persoas, e, fundamentalmente, a comarca do Morrazo, cunha taxa de incremento do 1,09% e unha variación absoluta de poboación no período de 854 persoas (**cadro 2.1.**).

3.- O CES considera conveniente que se incremente o volume de estatísticas de traballo a nivel municipal.

A análise sobre poboación ocupada, parada e activa da área funcional de Pontevedra realízase sobre os datos proporcionados polo Padrón municipal de habitantes e a Estatística de poboación de 1996, dado que son as máis actuais desagregadas a nivel municipal.

Tendo en conta dita limitación, a análise das taxas de actividade da área funcional, así como as das catro comarcas que a compoñen, no ano 1996, reflicte que tanto a taxa da área funcional como as taxas comarcais están 7 puntos por debaixo da taxa de actividade da provincia e 5 puntos por debaixo da de Galicia. Esta mesma conclusión se derivaría dun estudio desagregado entre homes e mulleres. As taxas de actividade en ámbolos dous casos están por debaixo das que corresponden á provincia de Pontevedra e ó conxunto de Galicia.

Por outra banda, a diferenza entre a taxa de actividade masculina e feminina na área funcional (25,2 puntos) é sensiblemente inferior á existente na provincia (31,1 puntos) e no conxunto de Galicia (28,9 puntos).

As taxas de ocupación no ano 1996, tanto a conxunta como a de homes e mulleres na área funcional, encóntranse por debaixo das taxas de ocupación provincial e galega.

Por todo isto, as taxas de paro da área funcional no ano 1996 son superiores á taxa

de paro galega en tódalas comarcas da área. Son tamén superiores á taxa de paro provincial en tódalas comarcas agás na comarca de Pontevedra.

A este respecto, hai que sinalar o feito de que a taxa de paro feminina na área funcional é do 44,8%, fronte ó 29,8% da provincia de Pontevedra e o 26,3% do total de Galicia (**cadro 2.5.**).

4.- Tendo en conta a estrutura da pirámide poboacional da área funcional de Pontevedra, así como os elevados índices de vellez que presentan algúns dos municipios que a compoñen, o CES considera necesaria a implantación de medidas que tendan a favorecer-lo segmento de poboación moza e a estimula-la natalidade. Este tipo de medidas deberían ir na liña da incentivación da contratación indefinida ou da mellora á accesibilidade á vivenda, entre outras.

5.- A poboación da área funcional representaba no ano 2000 o 36,6% do total da poboación da provincia de Pontevedra e o 12,2% do total da poboación galega. No que respecta á programación FIP na área funcional no ano 2000, os cursos realizados na área funcional representaban o 23% dos totais da provincia de Pontevedra e o 8% dos totais de Galicia, sendo os alumnos da área funcional o 23,4% dos provinciais e o 8% dos galegos. Por último, no que respecta ó orzamento destinado a estes cursos na área funcional, este foi o 19,2% do destinado a nivel provincial e o 5,9% a nivel galego (**cadro 2.10.**).

O CES entende que dada a importancia poboacional da área funcional non resultan, en principio, proporcionais os cursos e os orzamentos dedicados á programación FIP na área funcional.

3.- Sectores productivos

1.- Tendo en conta a metodoloxía utilizada por Ardán, que limita o alcance dos datos empresariais a todas aquelas empresas que estando domiciliadas na área funcional facturen máis de 40 millóns de pesetas, na área funcional de Pontevedra considéranse 1.092 empresas que cumpren ditos requisitos. Delas, 356 pertencen ó sector primario, cun emprego medio de 26 persoas; 292, á construción, cun emprego medio de 24 persoas; 226 encádranse no sector industrial, con 21 persoas empregadas de media; e 218 empresas corresponden ó sector servizos, cun emprego medio de 21 persoas.

As empresas da área funcional pertencentes ó **sector primario** facturaron, no ano 1999 (último dato dispoñible), 78 mil millóns de pesetas e empregaron a 3.308 persoas. O 30% da facturación total e o 32,7% do emprego corresponde a empresas emprazadas na comarca do Morrazo, dedicadas, fundamentalmente, a actividades relacionadas cos produtos do mar. Moaña é o principal núcleo de localización, co 35,7% da facturación total do sector na comarca. Á comarca do Morrazo séguelle en importancia dentro deste sector a comarca do Salnés, co 29,6% da facturación e o 26,4% do emprego total.

No que ós **fabricantes** respecta, estes facturan na área funcional ó redor de 48 mil millóns de pesetas e empregan a 2.192 persoas. O 31,1% da facturación e o 35,2% do emprego están localizados na comarca do Salnés, seguida da comarca de Caldas, co 29% da facturación e o 17,6% do emprego. No Salnés, o principal núcleo de localización é o concello de Vilagarcía de Arousa, co 38,3% da facturación total do sector na comarca.

No que respecta ó sector da **construción**, destaca a comarca de Pontevedra. O 79,6% da facturación e o 74% do emprego xerado polo sector da construción na área funcional pertence a empresas emprazadas nesa comarca. O principal núcleo de localización é o concello de Pontevedra, onde se factura o 96,1% do total da facturación comarcal do sector da construción.

Por outra banda, o sector da construción foi o que experimentou un maior incremento do valor engadido a custo de factores de tódolos sectores considerados na área funcional de Pontevedra: un 23,2%, por riba do sector primario (5,1%), do sector servizos (8,2%) e do incremento experimentado polo sector industrial (11,2%).

No que respecta ó sector do **turismo e ocio** dentro da área funcional, salienta o papel preponderante da comarca do Salnés, co 68% das prazas dos establecementos hoteleiros e casa rurais (8.567) e o 46% das prazas en restaurantes (15.440) do total da área funcional. A continuación sitúase o concello de Pontevedra, con 2.794 prazas en establecemento hoteleiros e casas rurais (o 22,2%) e 10.297 prazas en restaurantes (o 30,9%) (**cadro 3.23.**).

Neste eido, o CES considera importante a realización de actuacións que compensen os efectos que pode ter sobre a actividade turística da comarca o feito de que o turismo dentro da provincia de Pontevedra adoeza dun elevado grao de estacionalidade, pasando dun nivel de ocupación mínimo no mes de xaneiro do 19,2% a un máximo do 69,9% no mes de agosto (**anexo 20**).

Por último, no sector **servicios**, a comarca de Pontevedra é a de maior facturación tanto no que respecta ó comercio polo xunto e o comercio polo miúdo como nos **servicios** xerais, transportes e comunicacións. Entre os principais núcleos de localización dentro da comarca de Pontevedra, no que respecta ó comercio polo xunto e ós **servicios** xerais, transportes e comunicacións, destaca o concello de Pontevedra, co 89% e o 87,6% das facturacións totais da comarca de cada un deses dous subsectores, respectivamente. No eido do comercio polo miúdo destaca o concello de Poio, co 50,9% da facturación comarcal do subsector.

2.- Tendo en conta que as empresas analizadas por Ardán na área funcional, é dicir, aquelas que estando domiciliadas no territorio analizado teñen unha facturación superior ós 40 millóns de pesetas, son 1.092 (**cadro 3.4.**) e que o número de empresas analizadas polo Dirce no ano 2000 para a área funcional é de 19.140 empresas, máis do 94% das empresas da área funcional facturan menos de 40 millóns de pesetas anuais.

Esta estrutura empresarial ten o seu reflexo na estrutura do emprego da área funcional. Así, o 58,8% das empresas consi-

deradas polo Dirce non teñen asalariados, superando nun punto e medio á media provincial (57,3%) e en seis puntos e medio á media galega (52,3%), polo que o CES resalta a importancia do emprego autónomo na área funcional, dada a especial incidencia que no dito emprego teñen as actividades turística e pesqueira.

Desagregando a información a nivel comarcal, a estrutura do emprego mantense. Destaca a comarca de Caldas, onde se observa a maior porcentaxe de empresas sen asalariados, o 61,4%, fronte a comarca de Pontevedra que, co 57,5%, é a comarca cun menor número de empresas sen asalariados (**anexo 19**).

4.- Panorama social

1.- O CES entende que a estrutura da vivenda na comarca é un indicador máis da súa especialización productiva relacionado co seu elevado índice turístico.

Resulta significativo que a comarca do Salnés, co menor número de vivendas principais en relación ó total de vivendas (66%), é a que ten unha maior porcentaxe de vivendas secundarias en termos relativos (19%) (**cadro 4.1.**).

2.- A rateo de prazas residenciais recomendada polo *Plan Gerontológico Nacional* por cada 100 persoas maiores é do 3,5%, das que o 40% teñen que ser de carácter público. Para que a cobertura pública

alcance esa proporción do 40%, débese contar cun 1,4% das prazas públicas por cada 100 persoas maiores.

Tendo en conta que na área funcional de Pontevedra hai 50.954 persoas maiores de 65 anos, para alcanza-la cobertura pública establecida debería contarse cun total de 713 prazas públicas. Sen embargo, na actualidade dispónse de 348, un 48,8% das necesarias (cadro 4.19.).

O CES entende que debería ampliarse a rede residencial pública a través da construción de novas residencias, de xeito que se alcance a cobertura pública mínima establecida no *Plan Gerontolóxico Nacional*.

3.- O CES considera que na análise da educación e dos servizos complementarios debe terse en conta a influencia que estes teñen sobre a incorporación da muller á vida laboral e sobre a conciliación da vida laboral e familiar. Neste senso, e de acordo co informe-opinión sobre o *Plan de Revitalización demográfica de Galicia* (Informe-opinión 2/01), o CES entende que:

“(...) ademais da revisión de horarios nos centros escolares e escolas infantís, unha medida complementaria e necesaria na compatibilización da vida familiar e laboral sería o fomento dunha xornada de traballo e educativo similar ó europeo nos dous ámbitos de actuación (xornada de traballo europea compatible perfectamente co horario escolar actual).

O fomento da xornada flexible debería de vir dado por unha mellora da organiza-

ción do tempo de traballo en aras a conciliar a vida laboral e familiar, e só nos casos nos que a flexibilidade da xornada non sexa posible, a conciliación podería facerse mediante o emprego a tempo parcial, xa que senón pódese estar fomentando o emprego en precario. Fomentar o traballo a tempo parcial sen máis, ó ser maiormente utilizado por mulleres, pode supoñer a longo prazo unha medida moi prexudicial para a muller.

O CES considera imprescindible mellora-la calidade das garderías e a oferta dedicada ó coidado de nenos en xeral, que actualmente é insuficiente. Neste senso, a ampliación da educación obrigatoria de 0 a 3 anos considérase unha medida fundamental para conseguilo citado obxectivo”.

Finalmente, o CES entende que o incremento do número e da calidade do transporte e dos comedores, máis alá do xa regrado, podería favorecer-la citada conciliación.

5.- Desenvolvemento territorial

1.- O CES considera prioritario, para mellora-la conexión desta área funcional ca meseta, que se realice a obra prevista no *Plan Director de Infraestructuras de Galicia 2001-2010*, dentro das actuacións sobre a rede estatal de grande capacidade, sobre a autovía de conexión Pontevedra-autovía Rías Baixas (Pontearreas), de 35 km e cun investimento de 29.300 millóns de pesetas.

2.- O CES considera importante, desde o punto de vista das infraestructuras viarias, a mellora da N-640 dada a súa influencia na relación socioeconómica e administrativa do norte da provincia.

3.- Os parques empresariais actualmente en funcionamento distribúense territorialmente en tres das catro comarcas nas que se divide a área funcional: un na comarca do Morrazo, no concello de Bueu (Castiñeiras), un na comarca e no concello de Pontevedra (O Campiño), e tres na comarca do Salnés, nos concellos de Vilagarcía de Arousa (Trabanca), Vilanova de Arousa (Tremoeiro) e Ribadumia (O Salnés).

O CES considera que a dotación de solo industrial na área funcional de Pontevedra está saturada, polo que é prioritaria a futura segunda fase e a ampliación do parque empresarial do Campiño, no concello de Pontevedra. Tamén se debería considerar a posibilidade de ampliar e construír parques empresariais de “segundo nivel” en concellos como Cuntis ou Moraña, coa necesaria mellora das súas infraestructuras e vías de interconexión dos distintos parques empresariais, a través da estrada Cuntis-Moraña-Coruto.

4.- O CES considera importante, no que respecta ás infraestructuras portuarias e de cara a evitar conflitos sociais, facer un esforzo informativo do estudio de impacto ambiental en canto á ampliación ou expansión do porto de Marín-Pontevedra, no senso da consideración feita polo CES no informe

sobre *Situación e perspectivas do marisqueo a pé en Galicia* (Informe 2/01):

“Revisión da política de recheos da beiramar (paseos marítimos, portos, etc...) e obrigatoriedade de facer informes preceptivos de impacto sobre o marisqueo, en función das zonas máis sensibles, sobre todas as obras que se realicen na costa, así como das obras que teñan incidencia no marisqueo (encoros), que están a incidir negativamente na situación de calidade de bancos marisqueiros, dada a incidencia de moitos destes recheos nas correntes mariñas, así como na desaparición de zonas marisqueiras.

Neste senso, cabe destacar que o cambio de comportamento das correntes mariñas por estas construcións leva a miúdo a un enfangamento dos laterais. Poderían considerarse algún tipo de solucións técnicas que manteñan as correntes mariñas existentes e impidan a creación de fangos que afecten ós bancos marisqueiros.”

5.- O CES entende que é prioritaria a sinatura do Convenio entre a Administración Autonómica, as corporacións locais, as organizacións sindicais e as cámaras e organizacións empresariais, que, xunto cos xa asinados Convenios coa Deputación de Pontevedra e co grupo empresarial ENCE, teñen como obxectivo o saneamento integral da ría de Pontevedra. ■

